

*Non sabemos se na vida de Inés se interpuxo un destino, ou é que Inés naceu para un sino cumprir. ¿Era outra a vereda da muller, e un fado novo ao seu paso saíu; ou foi ela, desde sempre, fado marcado sen ninguén saber?*

*Inés non foi Inés ata que a súa alma se imbuiu dun xeito de sentir que ela non sabía de onde chegaba, e do que tampouco ela soubo nunca a onde se encamiñaba.*

*Inés foi Inés cando comezou a advertir o movemento dos planetas no seu fluxo. Cando o seu alento se tinguiu dunha cor vibrante, e as súas mans tremaron ao son dos cabalos; entón Inés foi Inés, disposta para ser chamada “a de Castro”.*

*Gardaba a esencia, só precisou dunha faísca de lume na materia. Porque, ao Inés erguer os ollos, cando puido ela ver, viu un remuíño a abrigala, enerxía de incerta orixe da que nunca soubo a procedencia. Tampouco ela soubo xamáis que a súa aura mudaba como a luz no arco da vella, porque Inés somentes sentía a Calidez que acalma.*

*¿Era outra a vereda de Inés, ou un fado novo nas súas vísceras enraiou ...? Só sabemos que cando Alguén así o quixo, as liñas de dous lamentos cruzaron os seus puntos, como pasatempo dunha Vontade allea. Fronte a fronte alguén situou a Inés con Pedro, sangues descendentes dun tronco común.*

*... Pero tanto daría que home e muller compartisen pedazos de si; ... tanto daría ..., porque Inés non recoñeceu en Portugal ao parente lonxano ..., outra marca e outro sabor levaba todo aquilo que Inés recoñeceu.*

*Cando fronte a si se re-encontraron, o aire que os separaba estoupou silenciosamente, e as partículas de terra que xiraban no ambiente seco no chan caeron. Inés tivo a certeza do amigo atopado de novo, logo das viaxes que afastan os corpos, pero non as almas. E falou para si falou: “Chegaches, entón”.*

*Sentiu a muller todos os pesos da súa alma alixeirarse, a atronar por escadas imaxinarias.*

*... Pedro presentouse ante Inés cos baúles cheos de quen de viaxe chega ..., non pregunten de que cidade nen de que illa. A terra que o ar levaba pousouse nese intre en todos os poros da súa pel. Pedro – fillo de rei -, abriu os baúles só unha rendixa, e do seu fondo escoitouse un son semellante ao berro das baleas en alta mar, que salgou o ar de Coimbra.*

*Os seus baúles enchera de toda a poesía que apreixara desde que nacera, nas malas palabras que angustian, no voo dos falcóns, nos cabaleiros que salvaban terras no cumprimento de embaixadas, e nas cartas seladas que os mensaxeiros entregan en mans frías os días nevoentos.*

*As dúas almas cheiráronse unha á outra, coma os cans nos camiños; e o mesmo aroma advertiron: un olor a médula común e a flores soterradas. Entrelazáronse ambos espíritos – sen os corpos saber – e lembraron aqueles o tacto leve dos raios na tormenta, recoñecéronse na suavidade que os relustros conteñen, coma se recobrasen o tacto noutra época interrompido. Foi Inés cando nese segundo se estremeceu, e tirou da súa gorxa un pequeno salaio que a sorprendeu na quietude dos acontecementos.*

*Desde aquel momento, os astros e os planetas movéronse ao axexo da senda que a parella trazaba na terra ...; a lúa conferiu a Inés unha palidez proverbial, o sol non deixou que os seus cabelos escureceran. A lúa ferrou de prata os cabalos de Pedro, brancos coma a Serra da Estrela, e o sol completouno da lóxica vital que da a coroa.*

*A lúa temperou a Inés na firmeza que logo mostraría, e o sol iluminoulle os días, cando como noites foron escuros. As almas xuntáronse, pero os corpos xa nunca se separaron. Só unha vez mandadeiros trocaron o sentido dos seus cadaleitos.*

*E, ... ¿quen pode dicir que foi este destino aceptado? ¿Quen pode afirmar que os mortos non senten nen padecen ...? Aínda espera Pedro un Xuízo Final no que o corpo se encha de alma, aínda agarda a Resurrección da Alquimia e dos ollos da amada, porque aínda ha de levar Inés a sorpresa de acordar en tempos novos sen sinal de coitelos, coa estampa de Pedro ante si, para ás lembranzas voltar e Vivir.*

*... Quen pode dicir que os mortos non senten nen padecen ..., se han de asumir un destino alleo a aquel que os astros para Eles concordaron ...*

*... Un minuto só ..., alzen a ollada ... reparen ... Aínda flota sobre a Alcobaça un vapor de danza que cubre o Occidente.*